

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO DO PLENO DO
CONCELLO DE MURAS O DÍA 25 DE OUTUBRO 2018**

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Muras, o d3a 25 de OUTUBRO de dous mil dezaoto, re3nese o Pleno do Concello para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n p3blica ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos seguintes Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL (BNG)
CARLOS CARBALLE PENABAD (BNG)
DON MARIO ROUCO REI (PSdeG-PSOE)

Non asisten 3 actos os concelleiros do grupo municipal do Partido Popular.
DON JOS3 DANILO REQUEIJO CASTRO (PP)
DON JOS3 PAJ3N PENABAD (PP)
DONA ROSARIO CECILIA REY L3PEZ (PP)

Da fe do acto o Secretario do Concello don Froil3n Pall3n Seco.
Sendo as vinte horas e quince minutos pola Presidencia decl3rase aberta a sesi3n.

De seguido som3tense a debate e aprobaci3n os seguintes asuntos:

Sr. Alcalde:

Abre a quenda de intervenci3ns o Sr. Alcalde, e a continuaci3n di o seguinte :

O Pleno ten once puntos polo que imos a debater algunhas cuesti3n que creemos que son ineludibles e imos a deixar outros puntos para cando estean presentes Danilo que esperemos se recupere pronto e o resto dos membros do Partido Popular. Polo que imos a saltarnos a aprobaci3n das axudas da luz de 2018, as axudas para estudantes 2018 e paramos no cuarto punto sobre a Elecci3n de representante no Consello Escolar.

Asenten todos os presentes.

CUARTO.- ELECCI3N REPRESENTANTE NO CONSELLO ESCOLAR.

A proposta do equipo de goberno 3 propo3er a Bel3n como vi3a desempe3ando estes anos como representante do Concello no Consello Escolar. Non sei se tedes algo que decir sen3n, votamos.

Votaci3n : Votan a favor todos os presentes menos Dona Bel3n que decide absterse, e queda elexida Dona Belen Chao Ramil representante do Concello no Consello Escolar.

QUINTO.- BONIFICACI3NS DO IBI.

Sr. Alcalde : Como xa dixen isto ti3n3molo que ter debatido na comisi3n de facenda, agora non hab3a tempo material. O propo3emos e o debateremos en outra comisi3n de facenda.

Asenten todos os presentes.

SEXTO.- DESCONSORCIO MONTES DA GAÑIDOIRA.

Vendo que non están os grupos do Partido Popular tamén o decidimos pospoñer e esperemos que para a semana que ven poidamos levar este tema adiante.

Sobre os Montes da Gañidoira hai dúas cuestións que arranxar. Primeiro o tema do consorcio coa administración e despois retirar do inventario municipal os terreos.

Os distintos informes que nos pasaron, din que o primeiro paso sería o desconorcio dos montes da Gañidoira. O que figura como propietario e o Concello e polo tanto debe ser o Concello o que solicite o desconorcio, o criterio que iamos a seguir era que esta semana solicitabamos o desconorcio dos montes que xa noutro momento, no pleno de vintecinco de outubro de 2007 aprobouse en Pleno. Daquelas Maria Teresa Chao Pernas trouxo unha moción, e ela era a representante do Concello para levar isto adiante pero sen embargo non se fixo nada, non se levaron a cabo trámites e consultados os servizos de montes, dinnos que coa nova modificación da lei isto debería facerse de oficio por parte da Xunta pero non o van a facer entón dinnos a nós que o solicitemos para facilitar esta cuestión que solicite o Concello o desconorcio dos montes da Gañidoira e polo tanto estes van a ser os pasos a seguir. Nun pleno será o desconorcio e no pleno seguinte será a retirada do inventario municipal dos montes da Gañidoira.

Asenten todos os presentes.

SEPTIMO.- MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO.

Sr.Alcalde : Temos dúas propostas para modificar créditos. Temos algunhas obras pendentes de realizar como Ponte Bermúz e a obra do GDR de acondicionamento da parcela que está detrás da Casa do Médico e instalación dun múltiplex polo que hai que facer unha modificación de crédito. Tamén hai que aumentar as partidas de limpeza. A partida mellora rural de inversión en infraestructuras de AGADER e tamén como di Mario a de redacción de proxectos e direccións de obra que aparece recollida aquí e hai diferentes propostas . Votamos as dúas modificacións xuntas. Non sei se tedes algo que comentar.

Votación : As modificacións de crédito (Expediente número 11/2018 e Expediente :MC 12/2018) vótanse a favor por unanimidade dos presentes.

OITAVO.- ADOPCIÓN ACORDOS VARIOS SAF.

Sr.Alcalde: Rematamos a prórroga do Servizo de Axuda no Fogar e hai que continuo dalgún xeito o que explicará a continuación Belén:

Belén : É un servizo que hai que asegurar que non se pode deixar de prestar.En base a un decreto de alcaldía aprobamos unha prórroga e traémola a pleno para ratificación. Deberá seguirse prestando ata que se saque a concurso.

Sr.Alcalde: Ben pois a continuación sometemos a votación a seguinte proposta de Alcaldía :

PROPOSTA DA ALCALDÍA

RATIFICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA SOBRE PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.

Visto que por parte do concello de Muras asinouse un contrato para a xestión do servizo de axuda no fogar coa empresa " Servizos Sociais Virxe do Carme S.L" en data 6 de setembro de 2013, e que expirou en data 5 de setembro de 2018, sen que exista a posibilidade de prorrogar máis tempo o contrato.

Visto que o concello ten iniciado os trámites para continuar ofrecendo dito servizo co mesmo obxecto e finalidade aos veciños e veciñas de Muras, ao ter acordado o estudo e valoración dos custes, de conformidade ao disposto na nova Lei de contratos.

Visto o réxime xurídico dos servizos sociais en Galicia, en concreto a Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, a normativa de carácter autonómico constituída polo Decreto 176/2007, de 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema na comunidade autónoma de Galicia, a Orde de 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención (PIA), a Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de Axuda no Fogar.

De acordo coa normativa relacionada, a Lei 13/2008, de 3 decembro, de servizos sociais de Galicia, ten por obxecto estruturar e regular como servizo público os servizos sociais de Galicia para a construción do sistema galego de Benestar. A dita lei ordena o sistema en dous niveis de atención, servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados, correspondéndolles aos concellos a creación e xestión dos servizos sociais de atención comunitaria, entre os que figura o servizo de axuda no fogar, sen prexuízo das funcións de coordinación e ordenación normativa, así como de homologación, rexistro e control de centros e servizos, competencias que residen na Xunta de Galicia. Esta ordenación normativa é a regulada na Lei 5/1997, do 22 de xullo da Administración Local de Galicia, que inscribe a prestación dos servizos sociais dentro do ámbito de competencias propias dos concellos.

Visto que o actual contratista en data 13 de setembro manifestou a dispoñibilidade para a continuidade do servizo ata a formalización do novo contrato de xestión do servizo, previa tramitación do procedemento de contratación oportuno.

Vista a necesidade de asegurar a prestación do servizo de axuda no fogar no concello de Muras, que na actualidade atende a unha media de 50 persoas usuarias, por tratarse dunha situación que garante o interese xeral.

Visto o informe xurídico evacuado polo Secretario Interventor do Concello no expediente, en data 22 de outubro de 2018.

Visto o Decreto de Alcaldía de data de 22 de outubro de 2018 sobre a prórroga do contrato do servizo de axuda no fogar.

Propoño ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de Muras a adopción do seguinte ACORDO:

1º- Ratificar o Decreto de Alcaldía de 22 de outubro de 2018 sobre a prórroga excepcional do contrato do Servizo de Axuda do Fogar (SAF) no Concello de Muras

Votación : Aprobase a proposta da Alcaldía por unanimidade dos presentes.

NOVENO.- FESTIVOS LOCAIS 2019.

Sr.Alcalde: Xa tiñamos que ter sinalados cales eran os festivos locais e a proposta de Alcaldía e a seguinte :

PROPOSTA DA ALCALDÍA

FESTIVOS LOCAIS DO ANO 2019 NO CONCELLO DE MURAS .

Visto o requirimento da Xunta de Galicia, Delegación Territorial de Lugo, Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o cal, e de acordo coa normativa vixente, en concreto os artigos 37.2 do estatuto dos Traballadores na súa redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro e os artigos 45 e 46 do real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, o Concello de Muras (Lugo) ten que notificar á Xefatura Territorial de Emprego os dous días que se fixan como festas locais do Concello, así como a denominación da Festividade que se celebra.

En uso das atribucións que me confire a lexislación vixente, propoño ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de Muras a adopción do seguinte ACORDO :

PRIMEIRO.- Fixar como festivos locais do Concello de Muras para o ano 2019 os seguintes:

- 5 de marzo de 2019, martes de Entroido.

-1 de xullo de 2019, San Pedro de Muras.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial de Emprego, Economía e Industria.

Votación : Aprobese a proposta da Alcaldía por unanimidade dos presentes.

DECIMO.- DACIÓN EN CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

Sr.Alcalde: As Dacións en conta de Alcaldía están a disposición de quen queira consultalas en Secretaría ou Administración. As obras do Fondo de Compensación Medioambiental están todas empezadas .

Reitero que calquera documentación que se queira consultar nas dependencias administrativas se pode acceder a elas.

UNDÉCIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr.Alcalde: Non sei se temos preguntas, senón damos por rematado este pleno.

Neste punto intervén un particular sentando entre o público que fai unha cuestión relativa ó acceso á consulta da documentación presentada por outro particular sobre os Montes da Gañidoira.

Resposta o señor Alcalde que se trae unha autorización da persoa que fai mención, ou unha vez consultada a lexislación vixente especialmente en relación á Lei de Protección de datos, se legalmente fose posible non tería ningún reparo en permitir consultar dita documentación.

E non habendo máis preguntas nin rogos o Señor Alcalde, reiterando o desexo dunha pronta recuperación de Danilo para así poder debater sobre os asuntos pendentes, da por rematada a sesión plenaria ás 20:40 horas do 25 de outubro do 2018 da que se estende a presente acta que asina conmigo o Alcalde-Presidente e da que eu como Secretario dou Fe.

Salón de Plenos do Concello de Muras 25 de Outubro de 2018